



Teaching Guide				
Identifying Data				2019/20
Subject (*)	Evaluation and Diagnosis in Socio-Educational Needs	Code	652G03039	
Study programme	Grao en Educación Social			
Descriptors				
Cycle	Period	Year	Type	Credits
Graduate	2nd four-month period	Fourth	Optional	6
Language	Galician			
Teaching method	Face-to-face			
Prerequisites				
Department	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinador	Losada Puente, Luisa	E-mail	luisa.losada@udc.es	
Lecturers	Losada Puente, Luisa	E-mail	luisa.losada@udc.es	
Web	<a href="https://moodle.udc.es/course/view.php?id=52416">https://moodle.udc.es/course/view.php?id=52416</a>			
General description	<p>A materia Avaliación e Diagnóstico das Necesidades Socioeducativas aborda os procesos de avaliación e diagnóstico desde a perspectiva da prevención e/ou detección das necesidades socioeducativas, como paso previo a calquera intervención socioeducativa.</p> <p>Tendo en conta que unha das principais funcións do/a educador/a social é a posta en marcha de intervencións de carácter socioeducativo orientadas a garantir a plena participación da diversidade de individuos que compoñen á nosa sociedade, previamente precisase que este/a profesional dispoña dunha serie de referentes teóricos e metodolóxico-prácticos que lle permitan analizar a realidade social, estimar o xeito en que se desenvolverán as actuacións profesionais e tomar decisións orientadas á intervención.</p> <p>Por isto, esta materia pretende ofrecer una base teórico-práctica do diagnóstico en diferentes contextos da actividade do/da profesional da Educación Social: familia, grupo de pares, barrio e comunidade, e empregando una ampla variedade de técnicas e instrumentos de recollida de datos. Trátase de dar relevancia á figura do/da educador/a social como realizador/a e interactuante no diagnóstico das necesidades socioeducativas, comprendendo caáles son as súas competencias para lograr una actuación adecuada neste eido.</p>			

Study programme competences / results	
Code	Study programme competences / results
A5	Identificar e analizar os factores contextuais que afectan os procesos de intervención socioeducativa.
A8	Detectar factores de vulnerabilidade, de exclusión e de discriminación social que dificulten a inclusión social, escolar e laboral de persoas e colectivos.
A11	Observar, analizar, interpretar procesos de mediación social, cultural e educativa.
A13	Deseñar e levar a cabo proxectos de investigación elementais aplicables aos diferentes campos de intervención.
A21	Deseñar e implementar procesos de avaliación de programas e estratexias de intervención socioeducativa en diversos contextos.
B1	Elaborar, analizar, sintetizar, valorar e transmitir criticamente a información.
B2	Redactar e presentar informes técnicos, memorias, regulamentos ou calquera outro documento básico que contribúa a regular a acción socioeducativa.
B6	Adquirir e dominar habilidades comunicativas que permitan transmitir información, ideas e propostas a diversas audiencias.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.

Learning outcomes	
Learning outcomes	Study programme competences / results



Recoñece e analiza os factores relacionados coa inclusión social, educativa, cultural e laboral que afecta á intervención socioeducativa	A5 A8	B2	C4
Identifica, analiza e comprende a realidade social, cultural e educativa.	A5 A8 A11	B1 B6	C6
Deseña, implementa e aplica procesos, metodoloxías e recursos de detección de necesidades e diagnóstico socioeducativo en diversos contextos.	A13 A21	B6	C1
Redacta e presenta a información da avaliación e diagnóstico dun xeito sintético e organizado, e cunha expresión oral e escrita adecuada.	A11	B1 B2 B6	C1 C4 C6
Transmite a información criticamente, adecuando o discurso ás diversas audiencias.	A8 A11	B1 B2 B6	C1
Demostra e promove unha actitude aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común	A13	B2	C1 C4 C6
Exprésase correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.		B2 B6	C1

Contents	
Topic	Sub-topic
Tema 1. Conceptualización do diagnóstico en educación e nas necesidades socioeducativas	1.1. Definición de diagnóstico 1.2. Modelos teóricos da avaliación de necesidades 1.3. Elementos humanos no diagnóstico. Competencias da/o profesional da Educación Social
Tema 2. Dimensións do diagnóstico	2.1 Dimensións, ámbitos e áreas de actuación no diagnóstico 2.2 Dimensión socioambiental: familia, grupo de pares, barrio e comunidade
Tema 3. A recollida de datos: técnicas e instrumentos	3.1 Clasificación das técnicas: proxectivas, subxectivas, psicométricas, sociométricas 3.2 Observación: instrumentos para a recollida de datos 3.3 Técnicas participativas de avaliación de necesidades 3.4 O informe diagnóstico: tipos de informe, estrutura e redacción

Planning				
Methodologies / tests	Competencies / Results	Teaching hours (in-person & virtual)	Student?s personal work hours	Total hours
Guest lecture / keynote speech	A5 A8 A11 C4 C6	21	0	21
Mixed objective/subjective test	A5 A8 A21 B1 B2 B6 C1	2	10	12
Case study	A5 A8 A13 A21 B1 B6 C1 C6	4.5	22.5	27
Workshop	A11 B6 C1 C4 C6	4	2	6
Document analysis	A11 B1 B2 C6	4.5	22.5	27
Student portfolio	A21 B1 B2 B6 C1 C6	8.5	42.5	51
Personalized attention		6	0	6

(\*The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description



Guest lecture / keynote speech	Exposición oral por parte da docente na que se traballarán os contidos que conforman o marco teórico, complementada co uso de presentacións e medios audiovisuais, así como da introducción de cuestións dirixidas ao alumnado en forma de actividades de aula, coa fin de que a aprendizaxe teña un carácter máis dinámico e permita a participación do alumnado. A estrutura das sesións maxistras rexirase pola orde establecida nos contidos de aprendizaxe, introducindo teóricamente cada un dos temas e subtemas; ofrecerase ao alumnado bibliografía e documentación adicional para aprofundar no tema; e o traballo teórico complementarase en cada sesión coas actividades que se levarán a cabo. A través das outras metodoloxías contempladas (análise de fontes documentais, simulación, estudo de caso...)
Mixed objective/subjective test	Proba escrita para a avaliación de coñecemento, cuxa data e fixada pola Xunta de Facultade. Esta proba pode integrar preguntas de tipo abertas (de desenvolvemento) e preguntas de tipo obxectivo, que poden combinar preguntas de selección múltipl, de resposta múltiple, discriminación, completar e/ou asociación.
Case study	Actividade na que se lle presentará ao alumnado unha situación problemática específica coa que podería atoparse na súa futura vida profesional. Describírase de xeito amplo e detallado, e o alumnado deberá ser quen de comprender, analizar, valorar e resolver o problema, tomando como marco de referencia as aprendizaxes adquiridas nas sesións maxistras, así como outros materiais complementarios facilitados pola docente ou dispoñibles na bibliografía básica da materia.  Realízase grupalmente (o número de participantes a determinar, segundo o número de alumnado matriculado) e será no grupo no que se analice, debata e valore o caso presentado, e se discutan os feitos e as posibles solucións ata chegar a unha decisión razoada a través dun proceso de discusión.
Workshop	Durante as sesións expositivas e interativas, faranse representacións das aprendizaxes teóricas a partir da presentación de supostos hipotéticos (simulacións), discusións dirixidas e debates, nos que o alumnado deberá poñer a proba o seu comportamento en situacións concretas, os coñecementos adquiridos até o momento, a súa capacidade de analizar alternativas e as súas consecuencias.  Tamén poderá estar presente nos debates e discusións dirixidas a invitación de profesionais do campo da Educación Social para abordar cuestións relativas á avaliación e o diagnóstico no contexto de institucións socioeducativas.  Realízase de xeito presencial, apoiado polas TICs e, preferentemente, en pequenos grupos de traballo (3-4 estudantes) para que se traballe de forma conxunta na resolución de tarefas, de xeito que optimicen a súa aprendizaxe e se retroalimenten do traballo.  Esta actividade forma parte do "Programa Piloto para a docencia en galego no Grao en Educación social".
Document analysis	Actividades destinadas a que o alumnado realice a lectura e análise crítica da información procedente de fontes documentais diversas. Tras unha lectura reflexiva, deberá responder ás cuestións formuladas pola docente:  (a) documentos relevantes (artigos de revista e/ou prensa, capítulos de libros...) que permitan a definición dos conceptos clave da materia, trala procura por parte do alumnado.  (b) lectura, resumo e análise de documentos para a preparación de contidos a expoñer ante os/as seus compañeiros/as;  (c) lectura para ampliar a comprensión de conceptos básicos da materia e que permitan a elaboración de pensamentos razoados sobre as competencias, perfís e funcións do/da educador/a social como avaliador/a.
Student portfolio	Trátase dun documento que elaborará o alumnado (individual ou grupalmente) reflectindo todos os aprendizaxes adquiridos nas sesións prácticas. Non se trata de presentar os resultados das actividades, senón de reflexionar e aprofundar na aprendizaxe adquirida en base a eles.

## Personalized attention

Methodologies	Description
---------------	-------------



<p>Workshop Document analysis Case study Student portfolio</p>	<p>Durante o desenvolvemento das actividades prácticas, os grupos disporán de 1.30 h. de atención personalizada na aula, entendida como atención, supervisión e seguemento dos grupos de traballo, para resolver as dúbidas que poidan xurdir durante o manexo de fontes e a resolución de problemas prácticos. Isto supón que o alumnado debe participar nas sesións prácticas de xeito activo.</p> <hr/> <p>Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial, segundo establece a "Norma que regula o réxime de dedicación ao estudante dos Graos na UDC (Art. 2.3.,3b y 4.5) (29%5/212)".</p> <p>Este alumnado desenvolverá a súa actividade coa asistencia e a participación nas dinámicas recollidas no apartado de "Metodoloxías" y en "Atención personalizada", aplicable ás prácticas de "análise de fontes documentais", "estudo de casos", "simulación" e "portafolio de alumnado", a través dos grupos de traballo que se formen ao iniciar a materia.</p> <p>A actividade farase seguindo as observacións de avaliación sobre a flexibilidade da asistencia-participación e os requerimentos para superar a materia.</p>
--	--

Assessment			
Methodologies	Competencies / Results	Description	Qualification
Mixed objective/subjective test	A5 A8 A21 B1 B2 B6 C1	<p>Proba escrita na que se valorará a adquisición dos coñecementos teórico e prácticos da asignatura por medio dunha proba que incorporará todos os contidos abordados na materia (clases expositivas + clases interactivas).</p> <p>Os tipos de preguntas poderán ser de verdadeiro/falso (V/F), resposta múltiple e/ou resposta curta. O sistema de corrección da dita proba será o seguinte:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Preguntas V/F: unha resposta incorrecta, restará unha resposta correcta.</li> <li>- Preguntas resposta múltiple: aplicarase a fórmula de corrección ao azar (acertos - erros/nº alternativas - 1)</li> <li>- Preguntas resposta curta: valorarase a claridade e a capacidade de síntese e adecuación da resposta á pregunta formulada.</li> </ul>	30



Student portfolio	A21 B1 B2 B6 C1 C6	<p>As actividades incluídas na metodoloxía docente (estudo de casos, simulación, análise de fontes documentais) realizaranse, eminentemente, nas clases interactivas. O alumnado deberá recoller o resultado de cada actividade nun documento, que será entregado una semana despois de finalizar todas as clases. Poderá formarse grupos para traballar de forma conxunta (o nº de integrantes dependerá do nº alumnado matriculado).</p> <p>O dito documento deberá reunir as seguintes características:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>- Portada (institucional) e índice paxinado</li><li>- Estruturação do portafolio por actividades tendo en conta os seguintes aspectos: instrucción da práctica, desenvolvemento da práctica e resultados acadados, conclusión.</li><li>- Reflexión final sobre os contidos, atendendo a: valoración persoal das prácticas con respecto á práctica profesional, apreciacións persoais sobre as titorías realizadas (dentro e/ou fora do horario), valoración da temporalización do desenvolvemento das prácticas, outros aspectos a considerar.</li></ul> <p>A docente realizará un seguimento das prácticas que se vaian elaborando por cada grupo e indicará propostas de mellora de cada práctica a cada grupo.</p>	70
-------------------	--------------------	--	----

Assessment comments



## REQUERIMENTOS PARA SUPERAR A MATERIA:

- o Asistir a clase. A asistencia a clase é obrigatoria nun 80% das sesións tanto teóricas como prácticas.
- o Asistir e participar en clase. A condición de alumnado asistente (80% de asistencia) supón, non só a asistencia, senón tamén a participación e aproveitamento do tempo de clase.
- o Acadar o 50% da calificación en cada unha das metodoloxías de avaliación para superar a materia, calquera que sexa a modalidade de avaliación á que se somete o estudante. No caso de non acadar o 50% nalgunha das partes, a calificación final será de 4 puntos.
- o Axustarse ás datas de entrega sinaladas no calendario presentado durante a presentación da materia. As entregas fóra de prazo ou a ausencia de entrega terán unha calificación de 0 puntos e, polo tanto, suporán unha calificación final de suspenso.
- o Realizar as actividades propostas, aproveitando e optimizando o tempo que se destina na aula.
- o A convocatoria de xullo estará sometida aos mesmos criterios que a convocatoria de xuño.

## MODALIDADES DE AVALIACIÓN

Tendo en conta a posible existencia de alumnado que, polas súas circunstancias particulares non cumpla co requisito de asistencia, terase en conta diversas modalidades de avaliación segundo o réxime de adicación do alumnado:

o **Avaliación continua:** modalidade de avaliación aplicable a alumnado asistente; é dicir, a aquel que cumpla co requisito de asistencia dun 80%, tanto das sesións teóricas como prácticas; e ao alumnado con recoñecemento de adicación a tempo parcial (sempre que cumpla co réxime de asistencia):- Alumnado asistente: Será evaluado ao longo do proceso de aprendizaxe, a través da realización das diversas prácticas establecidas dentro das metodoloxías de avaliación (análise de fontes documentais, estudos de caso, simulación) que será revisado pola profesora e incorporado ao portafolio da asignatura, así como da avaliación final por medio da proba mixta.

- Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial: atendendo á norma que regula o réxime de adicación ao estudo e a permanencia e progresión dos estudantes de grao e mestrado universitario na Universidade da Coruña (aprobada en Consello de Goberno o 28 de xuño de 2016), nos seus artigos 4, 5 y 6, será necesario que este alumnado solicite a dispensa e a entregue á docente, concertando unha titoría na que lle informará sobre o xeito en que se desenvolverá o proceso de aprendizaxe. Realizará as actividades de forma individual, e a súa avaliación consistirá na entrega das prácticas establecidas dentro das metodoloxías de avaliación (de maneira autónoma, e cunha ponderación de 50%) e a avaliación final por medio da proba mixta (50%).

o **Avaliación final:** modalidade de avaliación aplicable ao alumnado non asistente (aquel que non cumpre co requisito de asistencia mínimo do 80%) e ao alumnado con recoñecemento de adicación a tempo parcial (que non cumpra a asistencia do 80%). Deberán realizar as actividades prácticas (análise de fontes documentais, estudo de casos e simulación) de modo autónomo e as entregará en forma de portafolio individual cun peso do 20% da calificación final. Ademais, será avaliado mediante una prueba mixta na que se incluírán contidos relacionados coas ditas actividades prácticas, ademais dos contidos propios da parte teórica. De tal xeito, contarán cun exame en dúas partes: a parte común a todo o alumnado (60%) e unha parte específica, referentes ás actividades prácticas (20%).



<p><b>Basic</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Álvarez Rojo, V., García Jiménez, E., Gil Flores, J., Martínez Clares, P., Romero Rodríguez, S. y Ro (2002). Primera fase de la intervención: La determinación de las necesidades de los destinatarios del programa (pp. 51-93). Madrid: EOS</li> <li>- Bryman, A. (2016). Social research methods. Nueva York: Oxford University Press.</li> <li>- Corbetta, P. (2010). Metodologías y técnicas de investigación social. Madrid: McGraw Hill</li> <li>- Diz López, M.J. (2017). Necesidades formativas. Modelos para su análisis y evaluación. Revista de Estudios e Investigación en Psicología y Educación, Extr.(6), 1-5</li> <li>- Granados García-Tenorio, P. y Mudarra Sánchez, M.J. (2010). Diagnóstico en educación social. Madrid: Sanz y Torres</li> <li>- Losada-Puente, L. (2019). Material Docente: Evaluación y diagnóstico de las necesidades socioeducativas. A Coruña: GIACE y GITIAES</li> <li>- Losada, L., Muñoz, J.M. y Espiñeira, E.M. (2015). Perfiles, funciones y competencias del educador social a debate: análisis de la trayectoria de la formación de profesionales de la educación social. RES Revista de Educación Social, 60, 59-76</li> <li>- Pérez-Campanero, M.P. (1991). Cómo directar las necesidades de intervención socioeducativas. Madrid: Narcea</li> <li>- Rubio, M.J. y Varas, J. (2011). El análisis de la realidad en la intervención social: Métodos y técnicas de investigación . Madrid: CCS</li> <li>- Sánchez Romero, C. (2015). Formación y desarrollo profesional del educador social en contextos de intervención. Madrid: UNED</li> </ul>
<p><b>Complementary</b></p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Benítez Ramírez, M.C. (2013). El informe socioeducativo: instrumento de la Educación Social. RES Revista de Educación Social, 16, 1-17</li> <li>- Escudero, J. (2010). Análisis de la realidad local: Técnicas y Métodos de intervención desde la animación sociocultural. . Madrid: Narcea</li> <li>- Fernández-Ballesteros, R. (2009). Evaluación psicológica: Conceptos, métodos y estudios de caso. Madrid: CCS</li> <li>- Kothary, C.R. (2006). Research methodology: Methods and techniques. Nueva Delhi: Noew Age International Publisher</li> <li>- Kumar, R. (2014). Research methodology: A step-by-step guide for beginners . Nueva Delhi: APH Publishing Corporation</li> <li>- Muiños, R. (2008). El diagnóstico participativo. Costa Rica: EUNED</li> <li>- Pérez Serrano, G (2003). Pedagogía social. Educación social: Construcción científica e intervención práctica. Madrid: Narcea.</li> <li>- Rodríguez Pérez, A. y Morera Bello, M.D. (2001). El sociograma: Estudio de las relaciones informales en las organizaciones. Madrid: Pirámide.</li> <li>- Sánchez Huete, J.C. (2013). Métodos de investigación educativa. Sevilla: Punto Rojo Libros, S.L.</li> </ul>

**Recommendations**

Subjects that it is recommended to have taken before

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Subjects that continue the syllabus

Other comments

(\*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.